

Luns, 21 de febreiro de 2022

Núm. 35

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BUEU

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORGANIGRAMA, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BUEU E TÁBOA CO CUSTE ESTIMADO DA RPT*

<i>Expediente</i>	3119/2020
<i>Código SIA</i>	1428772
<i>Procedemento</i>	Planificación e Ordenación de Persoal
<i>Asunto</i>	APROBACIÓN DO ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BUEU (RPT)
<i>Unidade Xestora</i>	Secretaría
<i>Documento</i>	Anuncio da alcaldía
<i>Trámite</i>	Publicación do acordo plenario A.2. da sesión ordinaria celebrada o 07.02.22, organigrama, relación de postos de traballo do concello de Bueu e, táboa co custe estimado da RPT de Bueu actualizados a data 21.01.22

#### ANUNCIO

Que a corporación municipal deste concello, en sesión ordinaria celebrada en data 07.02.22, no punto da orde do día A.2, acordou o seguinte:

“PRIMEIRO.- Admitir a trámite as seguintes reclamacións, suxestións e/ou alegacións presentadas en tempo e forma:

Nº	Nº REXISTRO DE ENTRADA	DATA E HORA DO REXISTRO	NIF OU CIF	INTERESADO
1	2021-E-RC-4663	13/09/2021; 11:42	***3654**	Lourdes Pedrazuela Bea, en representación de Federación Empleados Públicos de U.S.O.
2	2021-E-RE-2179	14/09/2021; 09:41	***9267**	Manuel Ángel Mendiña Pastoriza
3	2021-E-RE-2183	14/09/2021; 10:31	***1070**	Rosa María Cerviño Loira



Luns, 21 de febreiro de 2022

Núm. 35

Nº	Nº REXISTRO DE ENTRADA	DATA E HORA DO REXISTRO	NIF OU CIF	INTERESADO
4	2021-E-RE-2189	14/09/2021; 18:16	***9169**	José Ramón Vilas Costas, en representación de José Portela Cruz
5	2021-E-RE-2192	14/09/2021; 19:34	***4026**	Jerónimo Fernández Vicente, en representación da Central Sindical Independiente y de Funcionarios en la provincia de Pontevedra (CSIF)
6	2021-E-RE-2197	15/09/2021; 11:13	***4712**	María Montserrat Gonzalez Garcia
7	2021-E-RE-2206	15/09/2021; 13:51	***1484**	Alfredo de la Campa Ferrenza
8	2021-E-RE-2208	15/09/2021; 18:09	***9595**	Belarmino Barreiro Rosales
9	2021-E-RE-2209	15/09/2021; 19:44	***2682**	Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García
10	2021-E-RE-2210	15/09/2021; 21:06	***9169**	Jose Ramón Vilas Costas
11	2021-E-RE-2212	15/09/2021; 22:35	***2682**	Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García
12	2021-E-RE-2213	16/09/2021; 09:21	***5121**	Marina Sanjuan Núñez, presenta alegación conxunta con Susana Miragaya González
13	2021-E-RE-2219	16/09/2021; 10:46	***0956**	María Beatriz Monroy Cardoso
14	2021-E-RE-2229	16/09/2021; 14:29	***5414**	Alba Carrera Dacuña
15	2021-E-RE-2236	16/09/2021; 17:41	***9497**	Francisco Manuel Riobó Estévez
16	2021-E-RE-2239	16/09/2021; 17:50	***9046**	Salvador Piñeiro Ferradanes
17	2021-E-RE-2240	16/09/2021; 18:39	***8042**	Jose Antonio Rueda de Valenzuela, en representación de COSITAL das provincias da Coruña e Pontevedra
18	2021-E-RE-2244	16/09/2021; 20:26	***5773**	Daniel Muñoz González
19	2021-E-RE-2245	16/09/2021; 22:39	***1265**	Rodrigo Castro Collazo
20	2021-E-RE-2246	16/09/2021; 22:40	***0406**	Jose Francisco Budiño Pereira

SEGUNDO.- Levantar de conformidade co establecido no artigo 217.2.b) do TRLRFL o reparo con efectos suspensivos formulado polo Interventor Municipal, ao abeiro do Informe de Discrepancias emitido con data 25.01.2022.

TERCEIRO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións presentadas con rexistro de entrada 2021-E-RC-4663, de data 13.09.2021, formuladas pola Lourdes Pedrazuela Bea, en representación de Federación Empleados Públicos de U.S.O. respecto da FUNCIONARIZACIÓN, por carecer de concreción nos postos aos que se refire nas prazas a funcionarizar.

CUARTO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións nos que se pide contemplar a XORNADA COMPLETA ou ben HARMONIZAR as táboas de custos e o contido da descrición dos postos con código código 08.01.00.03 , 08.02.00.02, 02.010.00.02 e 02.010.00.03, presentadas nos seguintes escritos:



Luns, 21 de febreiro de 2022

Núm. 35

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2179, de data 14.09.2021, formulado por Manuel Ángel Menduía Pastoriza
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2183, de data 14.09.2021, formulado por Rosa María Cerviño Loira
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2208, de data 15.09.2021, formulado por Belarmino Barreiro Rosales
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2210, de data 15.09.2021, formulado por José Ramón Vilas Costas

As táboas de custos estimados teñen en conta as retribucións dos postos de xeito proporcionado á xornada efectivamente realizada. Así mesmo, respecto da descrición dos postos, trátase dunha cuestión organizativa, dentro da potestade de auto-organización para definir a estrutura organizativa e de postos que se considera máis adecuada para satisfacer as necesidades dos servizos municipais e garantir a súa adecuada cobertura e prestación.

QUINTO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións contra as VALORACIÓNS DAS RETRIBUCIÓN ECONÓMICAS, presentadas nos seguintes escritos:

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2189, de data 14.09.2021, formulado por José Ramón Vilas Costas, en representación de José Portela Cruz
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2208, de data 15.09.2021, formulado por Belarmino Barreiro Rosales
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2210, de data 15.09.2021, formulado por José Ramón Vilas Costas–rexistro de entrada 2021-E-RE-2229, de data 16.09.2021, formulado por Alba Carrera Dacuña

Dado que a determinación das novas contías retributivas resultantes obedecen a unha valoración obxectiva e motivada, xa que estas se realizan con carácter singularizado e individualizado, atendendo ao criterio da adecuación obxectiva das retribucións ás particulares características profesionais e funcionais definitorias dos postos incluídos na RPT.

SEXTO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións, polas que se propón a CREACIÓN DE UNIDADES, presentadas nos seguintes escritos:

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2192, de data 14.09.2021, formulado por Jerónimo Fernández Vicente e rexistro de entrada 2021-E-RE-2236, de data 16.09.2021, formulado por Francisco Manuel Riobó Estévez

Nos que propoñen crear a unidade 06.06 UNIDADE DE MANTEMENTO DE PRAIAS E MEDIO AMBIENTE.

- rexistros de entrada 2021-E-RE-2197, de data 15/09/2021, formulado por María Montserrat González García e 2021-E-RE-2219, de data 16/09/2021, formulado por María Beatriz Monroy Cardoso

Nos que piden a clasificación do CIM nunha nova área de “Igualdade”.



Os motivos polos que non se acepta a creación de departamentos, unidades, seccións e postos, baséanse na capacidade de auto-organización das entidades locais territoriais recoñecida no artigo 4.1.a da LRBRL, dado que o organigrama e RPT do Concello de Bueu responde a un proceso de racionalización da estrutura administrativa e de postos municipal, que se adecúa a realidade actualmente existente, así como á delimitación e definición funcional tanto das distintas unidades administrativas como dos postos integradas nas mesmas, todo elo coa finalidade última de garantir e potenciar o bo funcionamento e cobertura dos servizos a prestar, así como a optimización dos recursos humanos dispoñibles.

SÉTIMO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións, polas que se propón a revisión das **FUNCIÓNS ASIGNADAS A UNIDADES DE TRABALLO** presentada no seguinte escrito:

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2213, de data 16.09.2021, formulado de xeito conxunto por Marina Sanjuan Núñez e Susana Miragaya González.

Fundamentalmente, a descrición das funcións e competencias atribuídas a cada Departamento e/ou Unidade se trata dunha enumeración de tipo xenérico e orientativo, sen chegar ó nivel de minuciosidade que puidera aportar un Manual de Funcións Departamentais. Esta descrición funcional poderá ser complementada mediante manuais de procedemento, circulares ou calquera outro instrumento organizativo que se estime oportuno, de carácter xeral, ou mesmo propio de cada un dos departamentos ou unidades administrativas.

OITAVO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións formuladas contra as **VALORACIÓNS DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO** e/ou de **DESTINO** presentadas nos escritos:

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2192, de data 14.09.2021, formulada por Jerónimo Fernández Vicente, respecto da valoración do factor penosidade e non inclusión da valoración de nocturnidade nos postos de policía e respecto da discriminación na valoración de técnicos de persoal laboral e funcionarios.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2197, de data 15.09.2021, formulada por María Montserrat Gonzalez Garcia, polo que pide unha nova valoración do posto ASESOR/A XURÍDICO/A SERVIZOS SOCIAIS, código 09.00.00.05
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2206, de data 15.09.2021, formulada por Alfredo de la Campa Ferverza, respecto da valoración do posto ARQUITECTO TÉCNICO, código 05.01.00.02
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2209, de data 15.09.2021, formulada por Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García alegacións recollidas nos apartados c), d), f) g), respecto do posto ADXUNTO TESOURERÍA, código 04.00.00.02
- 2021-E-RE-2209, de data 15.09.2021, formulada por Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García, en relación á distribución detallada da puntuación a aplicar, así como a diminución do CE dos postos de habilitados nacionais, arquitecto e arquitecto técnico, así como o rexistro de entrada 2021-E-RE-2212, de data 15.09.2021, formulada polo mesmo interesado en relación á puntuación ao factor 13 e 14.



- rexistro de entrada 2021-E-RE-2213, de data 16.09.2021, formulado de xeito conxunto por Marina Sanjuan Núñez e Susana Miragaya González, respecto dos postos ADMINISTRATIVO XEFE DE NEGOCIADO, do departamento de Administración Xeral. Unidade de Secretaría e Servizos Xerais e o Departamento de Urbanismo, Medio Ambiente, Actividade de Supervisión e Patrimonio.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2219, de data 16.09.2021, formulada por María Beatriz Monroy Cardoso, respecto do posto de traballo denominado PSICÓLOGO/A, código 09.00.00.06
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2229, de data 16.09.2021, formulada por Alba Carrera Dacuña, respecto do posto denominado TÉCNICO DE URBANISMO, con código 05.01.00.03
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2239, de data 16.09.2021, formulada por Salvador Piñeiro Ferradanes, respecto do posto CAPATAZ, con código 06.01.00.06
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2240, de data 16.09.2021, formulada por José Antonio Rueda de Valenzuela en representación de COSITAL das provincias da Coruña e Pontevedra, respecto dos postos de HABILITACIÓN de carácter nacional.
- rexistros de entrada 2021-E-RE-2244, de data 16.09.2021, formulada por Daniel Muñoz González e 221-E-RE-2245, de data 16.09.2021, formulada por Rodrigo Castro Collazo, respecto dos postos da Policía Local, piden una nova valoración do CE na Policía Local para ter en conta os 15 festivos anuais ou ben valorar a nocturnidade dentro da penosidade.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2246, de data 16.09.2021, formulada por José Francisco Budiño Pereira, respecto do posto XEFE DE NEGOCIADO, código 02.02.00.01.

Na valoración dos postos e dos seus complementos, a RPT establece unha cuantificación obxectiva dos complementos retributivos, baseada nunha valoración obxectiva e motivada de ditos postos e en exercicio da potestade auto-organizativa do concello non resultando contraria a ningún precepto e que, en todo caso, a metodoloxía e criterios de valoración utilizados foron obxecto de tratamento e validación pola representación legal do persoal do concello.

Respecto da discriminación alegada no tocante a valoración do réxime laboral dos empregados públicos non corresponde cun criterio de valoración elixido.

Non obstante, en relación á ausencia do factor de valoración “nocturnidade”, cabe traer a colación a Sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura, do 14 de xullo de 2005, declarando que existen varias formas posibles de proceder á análise, descrición e valoración dos postos de traballo mediante sistemas obxectivos, de forma que “non resultando acreditado que o método empregado non é obxectivo, a clasificación dos postos de traballo levada a cabo pola Administración en exercicio da súa potestade autoorganizativa non resulta contraria a ningún precepto”.



NOVENO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións formuladas respecto da DESCRIPCIÓN DE FUNCIONS de determinados postos, presentadas nos escritos:

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2197, de data 15.09.2021, formulado por María Montserrat González García, respecto da descrición de funcións do posto ASESOR/A XURÍDICO/A, código 09.00.00.05,
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2206, de data 15.09.2021, formulada por Alfredo de la Campa Fervenza, respecto da descrición de funcións do posto ARQUITECTO TÉCNICO, código 05.01.00.02
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2208, de data 15.09.2021, formulado por Belarmino Barreiro Rosales e rexistro de entrada 2021-E-RE-2210, de data 15/09/2021, formulado por José Ramón Vilas Costas, respecto ao posto de CONSERXE-OPERARIO MANTENIMENTO, código 06.04.01.06, os alegantes solicitan se corrixa unha función “extra” neste posto respecto de outros semellantes (06.04.01.03 a 06.04.01.05).
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2209, de data 15.09.2021, formulada por Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García alegación recollidas no apartado b) e e) respecto do posto ADXUNTO TESOURERÍA, código 04.00.00.02, no que solicita a clasificación do posto no Grupo A1 e a amortización do posto en vez da “extinción” no apartado observacións da ficha descritiva.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2209, de data 15.09.2021, formulada por Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García en relación á descrición dos postos C1 e C2.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2213, de data 16.09.2021, formulado de xeito conxunto por Marina Sanjuan Núñez e Susana Miragaya González, respecto dos postos ADMINISTRATIVO XEFE DE NEGOCIADO, do departamento de Administración Xeral. Unidade de Secretaría e Servizos Xerais e o Departamento de Urbanismo, Medio Ambiente, Actividade de Supervisión e Patrimonio, así coma dos postos de TAX, ARQUITECTO SUPERIOR E ARQUITECTO TÉCNICO.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2219, de data 16/09/2021, formulado por María Beatriz Monroy Cardoso, respecto da descrición de funcións do posto PSICÓLOGO/A, código 09.00.00.06 e a omisión do contido mínimo esencial de cada posto, tal e como esixe o art. 38.4 letras c), e) e f) da LEPG.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2229, de data 16.09.2021, formulado por Alba Carrera Dacuña, respecto da omisión do contido mínimo esencial de cada posto, tal e como esixe o art. 38.4 letras c), e) e f) da LEPG.

Respecto da ficha individual do posto TÉCNICO DE URBANISMO, código 05.01.00.03, pide cambio de denominación do posto e unha máis concreta definición das funcións, con expresa mención ao ámbito xurídico e en materia de urbanismo. Respecto da ficha individual do posto de traballo ARQUITECTO SUPERIOR, código 05.01.00.01 e ARQUITECTO TÉCNICO, código 05.01.00.02, pide modificación “ para describir, definir, determinar y completar las funciones relativas a ambos puestos de trabajo”.



Luns, 21 de febreiro de 2022

Núm. 35

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2240, de data 16.09.2021, formulada por José Antonio Rueda de Valenzuela en representación de COSITAL das provincias da Coruña e Pontevedra, respecto do grupo de clasificación do posto ADXUNTO A TESOURERÍA.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2246, de data 16.09.2021, formulada por José Francisco Budiño Pereira, respecto da omisións relativas ao contido esencial dos postos e o carácter xenérico das funcións contidas na ficha descritiva do posto de traballo XEFE DE NEGOCIADO, código 02.02.00.01

Por cada posto de traballo contemplado na RPT recóllese unha ficha de posto na cal se describen as principais funcións a realizar polos ocupantes dos mesmos, descrición que, en todo caso, non pretende ser exhaustiva, senón de tipo xenérico e orientativo, a cal poderá ser complementada mediante manuais de procedemento, circulares ou calquera outro instrumento organizativo que se estime oportuno, de carácter xeral, ou mesmo propio de cada un dos departamentos ou unidades administrativas.

Respecto da alegación formulada por Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García esta cuestión xa foi resolta xudicialmente no Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Pontevedra no Procedemento Abreviado 0000111/2021 na Sentencia 226/2021, en sentido desfavorable para o alegante.

Respecto da amortización, así como integración no grupo A1, alegada tamén por José Antonio Rueda de Valenzuela, cabe traer a colación o exposto nos fundamentos de dereito recollidos no apartado IV.1 da mencionada Sentencia:

“En el año 2003 (Real Decreto 834/2003) se produjo una reforma normativa sustancial de las características de la subescala de “secretaría-intervención” de los funcionarios de Administración local con habilitación nacional (hasta entonces integrada en el grupo “B” -actual “A2”). A partir de ahí las nuevas promociones se adscribirían al grupo “A” (actual “A1”), ajustándose los requisitos de acceso (titulación, pruebas, etc) a dicha novedad. Transitoriamente, a los secretarios-interventores preexistentes del grupo B, se les ofrecía la posibilidad de ascender al grupo A cumpliendo una serie de requisitos, entre los que sobresale el de superar “un proceso selectivo convocado al efecto”. Quienes no cumplan esos requisitos, se mantienen en el grupo B (actual A2) en puestos a extinguir. La regulación del actual Real Decreto 128/2018 es prácticamente la misma.”

Respecto da omisión de funcións, a RPT do Concello de Bueu inclúe, por cada posto de traballo, o contido mínimo establecido conforme o artigo 38.4 da LEPG, que é o seguinte: a) O código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica. b) A clasificación profesional. c) O sistema de provisión. d) A adscrición orgánica. e) O complemento retributivo do posto. f) Os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión. g) Calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

DÉCIMO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións formulados respecto dos ERROS DETECTADOS, formulados nos escritos :



Luns, 21 de febreiro de 2022

Núm. 35

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2208, de data 15.09.2021, formulado por Belarmino Barreiro Rosales e rexistro de entrada 2021-E-RE-2210, de data 15/09/2021, formulado por José Ramón Vilas Costas, en relación ao recollido na táboa de custes o do posto de TÉCNICO DE URBANISMO, código 05.01.00.03, e ao posto CONDUTOR-VARREDORA, código 06.03.02.01.
- rexistro de entrada 2021-E-RE-2246, de data 16.09.2021, formulado por Alba Carrera Dacuña

O importe determinante para a posterior entrada en vigor da RPT é o que aparece reflectido na columna “RETRIBUCIÓN FINAL” da táboa de “Coste estimado RPT actualizado a 04.02.2021”, importe obtido tras o correspondente procedemento de valoración.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Estimar e corrixir ERRO MATERIAL detectado na páx. 97 respecto do grupo de clasificación do posto denominado CONDUTOR-VARREDORA código 06.03.02.01, presentada nos escritos con rexistro de entrada 2021-E-RE-2208, de data 15.09.2021, formulada por Belarmino Barreiro Rosales e rexistro de entrada 2021-E-RE-2210, de data 15.09.2021, formulada por Jose Ramón Vilas Costas.

Comprobado erro material no grupo de clasificación que figura na descrición do posto reflexado na páx. 97, grupo V, debe figurar grupo IV, tal e como se reflexa correctamente nos cuadros de valoración do complemento de destino da páx. 142, así como no cuadro da RPT, da páx. 153.

DÉCIMO SEGUNDO.- Respecto da reclamación, suxestión ou alegación, relativa ao posto de traballo denominado Adxunto Tesourería, refírese a unha inexistente escala de TESOURERÍA, formulada no rexistro de entrada 2021-E-RE-2209, de data 15.09.2021, presentada por Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García respecto do posto ADXUNTO TESOURERÍA, código 04.00.00.02.

Non obstante, detéctanse erros materiais nas subescalas correspondentes á escala de “funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional”, nas fichas descritivas dos postos de INTERVENTOR-COORDINADOR, TESOUREIRO- COORDINADOR e ADXUNTO TESOURERÍA, polo que se corrixen as subescalas correctas dos seguintes postos reservados a funcionarios de habilitación nacional:

INTERVENTOR-COORDINADOR, subescala: Intervención-Tesourería

TESOUREIRO- COORDINADOR, subescala: Intervención-Tesourería

ADXUNTO TESOURERÍA, subescala: Secretaría-Intervención

DÉCIMO TERCEIRO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións acerca dos EFECTOS ECONÓMICOS da entrada en vigor da RPT, presentadas nos escritos:

- rexistro de entrada 2021-E-RE-2208, de data 15.09.2021, formulado por Belarmino Barreiro Rosales e rexistro de entrada 2021-E-RE-2210, de data 15.09.2021, formulado por José Ramón Vilas Costas, no que piden que “os efectos económicos e retributivos xurdirán efectos dende o día primeiro do mes seguinte ó que se materialice dito proceso de adscrición...”





Luns, 21 de febreiro de 2022

Núm. 35

O Pleno da corporación na sesión extraordinaria desenvolvida o 30 de Xullo de 2021, na Proposta de alcaldía de aprobación inicial do organigrama e relación de postos de traballo do concello de Bueu (RPT), xa acordou respecto da entrada en vigor dos efectos económicos, o carácter non retroactivo dos mesmos, dada a necesaria habilitación previa de crédito adecuado e suficiente así como a obrigatoria adecuación dos instrumentos de persoal contidos no orzamento ao establecido na RPT:

“TERCEIRO. A RPT do Concello de Bueu terá efectos económicos, unha vez concluída a adscrición dos traballadores aos correspondentes postos de traballo contemplados na RPT, no momento en que entre en vigor o Orzamento municipal vixente e os instrumentos de persoal que forman parte do mesmo (Cadro e Anexo de Persoal) que recollan e se adecúen ás previsións contidas na RPT definitivamente aprobada, habilitando o crédito adecuado e suficiente.”

DÉCIMO CUARTO.- Desestimar as reclamacións, suxestións e alegacións postas de manifesto en relación ao PROCESO DE ELABORACIÓN e REDACCIÓN DO ORGANIGRAMA E A RPT, nos escritos presentados cos rexistros de entrada:

2021-E-RE-2212, de data 15.09.2021, formulada por Jaime Marcos Horacio Carmelo Sixto García, 2021-E-RE-2219, de data 16.09.2021, formulado por María Beatriz Monroy Cardoso, e 2021-E-RE-2229, de data 16.09.2021, formulado por Alba Carrera Dacuña, e 2021-E-RE-2246, de data 16.09.2021, formulada por José Francisco Budiño Pereira.

O procedemento de elaboración da RPT se enmarca dentro da potestade do Concello de Bueu para definir a estrutura organizativa e de postos que considera máis adecuada.

DÉCIMO QUINTO.- Desestimar a reclamación, suxestión ou alegación postas de manifesto en relación ao COMPLEMENTO TRANSITORIO en virtude de SENTENCIA XUDICIAL, presentada nos escrito con rexistros de entrada 2021-E-RE-2219, de data 16.09.2021, formulado por María Beatriz Monroy Cardoso, en relación ao posto de traballo de PSICÓLOGO/A, con código 09.00.00.06.

O complemento persoal transitorio foi establecido polo art. 39 do convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Bueu, ratificado polo pleno do concello de 7 de abril de 2014 (BOPPO núm.179 do 17/09/2014), no que se establece:

“.../... En tanto non se teña aprobado a RPT, ou instrumento organizativo similar, o sistema retributivo aplicable será o que se fixa, con carácter transitorio, no Anexo i do presente Convenio, conforme á estrutura e contías salariais contempladas no mesmo. Ademais, a aquel persoal que actualmente ten unha retribución anual superior á establecida no sistema retributivo transitorio, do referido Anexo i, respectaráselle os seus dereitos económicos adquiridos e consolidados.”

Dito isto, a natureza ca que naceu o complemento transitorio respondía a unha situación como di o seu propio nome, transitoria e ca finalidade clara de desaparecer no momento en que en base a unha nova valoración dos postos de traballo se aprobara a nova RPT do concello de Bueu, polo tanto, esta debe entenderse subsumida dentro do complemento específico.



Luns, 21 de febreiro de 2022

Núm. 35

Sinalar ademais, que as novas retribucións do posto de traballo de PSICÓLOGO/A, obtidas tralo proceso de valoración realizado, determinan unha cantidade total superior ás que tiña este posto anteriormente e que incluían o citado complemento transitorio.

DÉCIMO SEXTO.- Aprobar definitivamente o Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Bueu (RPT), coas correccións sinaladas nos apartados décimo primeiro e décimo segundo desta proposta, quedando o seu texto definitivo redactado como resulta do texto achegado pola empresa redactora GALIVALIA CONSULSTGO SL, con rexistro de entrada núm. 2022-E-RE-169 de data 21.01.2022, denominado “PROPOSTA DE ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE BUEU”, actualizado a data 21.01.2022.

DÉCIMO SÉTIMO.- Aprobar a Táboa co custo estimado da RPT de Bueu actualizado a data 21.01.2022, co incremento das retribucións dos empregados públicos establecidas no art. 19. DOUS e CINCO, da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, de acordo co texto achegado pola empresa redactora GALIVALIA CONSULSTGO SL, con rexistro de entrada núm. 2022-E-RE-169 de data 21.01.2022, denominado “Táboa co custe estimado da RPT de Bueu actualizado a data 21.01.22”

DÉCIMO OITAVO.- Ordenar a publicación do texto íntegro do Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Bueu (RPT), así como a Táboa co custo estimado da RPT de Bueu actualizado a data 21.01.2022, no BOPPO, na web do concello e no taboleiro electrónico de anuncios do concello.

DÉCIMO NOVENO.- Remitir unha copia do Organigrama e Relación de Postos de Traballo do Concello de Bueu e a Táboa co custo estimado da RPT de Bueu actualizado a data 21.01.2022 aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de trinta días, de acordo co disposto no art. 202.3 da LEPG.

VIXÉSIMO.- Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación dos recursos que procedan.”

O organigrama, a relación de postos de traballo do concello de Bueu e, a táboa co custe estimado da RPT de Bueu actualizado a data 21.01.22 está accesible no portal de transparencia do concello de Bueu <https://bueu.sedelectronica.gal/transparency> no seguinte apartado “1. INSTITUCIONAL\_INSTITUCIONAL/1.7. PERSOAL\_PERSONAL/1.7.1. RPT\_RPT”.

Alternativamente tamén se pode descargar accedendo a seguinte ligazon <https://bueu.sedelectronica.gal/document-validation> CSV: 9TQ9PM9H6T5A66SXNX3N4N2KY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:DKDZ5MGQ5KR95Z2M

